



## LATEXOS DUN AROUSÁN ("MUXICAS")

Por: EV. CALO<sup>1</sup>

3

Ai miña Virxe do Carme, Virxe do Carme bendita. A quen a alma se lle tronza, pensando nos milleiros de historias sen contar polos marinenses que un día navegaron derrotas alén das Illas de Ons e de Onza. Cantas ausencias e distancias, suores, fames e melancolías padecidas. Cantos dramas amorosos e traxedias silenciadas. Canta morriña. Sobran palabras.

8

Fuches á Illa de Tambo, fuches e non viches ren, as ruínas dun Lazareto, que máis de cen anos ten. Fuches á Illa de Tambo, fuches e non viches nada: as ruínas dun vello mosteiro, e a Fonte de San Miguel, "a da espadiña dourada".

171

Amais doutras, catro fermosas illas ten a Ría, do poeta berce nai, do poeta a máis amada. Catro illas a de Arousa, "Miña Terra", "Terra meiga", "Miña fada"; SÁLVORA a da boca da Ría, a da TOXA luxuriosamente enfeitada; a máis populosa, a HOMÓNIMA de Concello de seu, e a micolóxica CORTEGADA.

285

Non sei de que nos temos que laiar se posuímos as mellores leiras de España, ou acaso as RÍAS GALEGAS non son as más fermosas hortas, os más feraces eidos. Que teñen os nosos políticos de costas gobernando esta obxectiva realidade. Acaso ignoran eles que con mellor política pesqueira a esgalla se multiplicarían peixes e mariscos, que con mellor política turística e menos retranca, nada lle teríamos que envexar ás Costas do Sol e Canarias, ás Costas Brava e Branca.

390

Fronte a TAMBO, a rentes do mar, dende o Peirao de Cruceiros da nosa Escola Naval, ben sabe este poeta o que é pescar chocos, luras, robalizas, douradas; como non, ter pantalóns e camisas escandalosamente lixadas. Ben sabe el por experiencia que para as manchas lavar, nada mellor que decontado e ao pé do peirao fretar o tecido coas augas salgadas do mar. Mellor ca ninguén, que para tinturas indelebeis "das que nin dios se salva", as que producen os borros do desamor nas invisibeis rúas da alma.

577


Ao luscofusco, abandonando o peirao, enfilando a boca da Ría, velaí vai o vello xeiteiro, meu vello amigo. A pescar, si, á ardora ou ao xeito: tranchos, bocareus, rinchas, chinchos, sardiñas a eito. Velaí vai el navegando cara a ONS pouco máis de nove millas, cando as gaivotas deitadas están encol dos areais ou das pallas verdellas dos cons, dos cantís e das illas.

836

Velaí vai para os teus devanceiros, MARÍN, o agasallo do meu cantar; para os que mandamos por PAIO GÓMEZ CHARIÑO SEVILLA conquerir foron aos sarracenos na época medieval. Si, voulle eu hoxe cantar, aos que tras a sonada vitoria e tornados ao fogar, na honra de San Clemente mosteiro ergueron na ILLA DO SANTO DO MAR.

874

Toneladas e toneladas de pegañochapote, moreas e moreas de neglixencias e mentiras, "MAREA NEGRA SEN PAR", as fermosas ILLAS ATLÁNTICAS DE ONS, CÍES E SÁLVORA viñeron asolagar. Foi nesta ocasión O PRESTIGE o impune agresor que GALIZA de novo veu ferir, degradar. Imos ver agora que vai ser das nosas xentes traballadoras, que obradoiro teñen nas rías, a súa fortuna no mar.



Illa de Tambo, dende a praia de Lourido

<sup>1</sup>EV. CALO é o pseudónimo de EDUARDO VÍCTOR CASTRO LÓPEZ. Docente, marinense de adopción, este vilagarciano de berce é autor de cinco libros coa denominación xenérica de LATEXOS DUN AROUSÁN: "Testemuños", "Micopoemario" e "Fervenzas e devalos" (POESÍA). "Muxicas" e "Lenda de Mariamanta" (PROSA).